

Expte: 2024-232
Retra: 02-10-2023

CONCELLO
DE VIGO



Expediente: 42692/220

Expediente relacionado: 41057/220

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE OITO PRAZAS DE SUBALTERNA/O (TRES RESERVADAS A PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL E UNHA RESERVADA A PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL INTELECTUAL), POLA QUENDA LIBRE E O SISTEMA DE OPOSICIÓN, DERIVADO DA EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE VIGO 2017-2018-2019 (3ª FASE), POR TURNO LIBRE

ASUNTO: SOLICITUDE DE MEDIOS – PERSOAL ESPECIALISTA

En cumprimento do establecido na "Instrucción de Servizo de determinación das condicións de prestación da asistencia técnica e administrativa do persoal municipal aos órganos de selección" asinada o 19.01.2022 pola concelleira delegada Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, comunícaselle que o órgano de selección na súa sesión constitutiva acordou, en virtude do número de aspirantes do proceso selectivo, as circunstancias concorrentes nalgúns deles, o tipo de exercicios, etc., solicitar o nomeamento do seguinte persoal de apoio:

- Persoal técnico de apoio: dado o volume de persoas aspirantes e a complexidade do procedemento, sendo así que os membros do órgano de selección non poden abordar tarefas de carácter administrativo ou de mera tramitación, debendo centrarse nas funcións asignadas nas bases e na correcta confección das probas, do seu desenvolvemento e valoración. Este persoal tamén será necesario para a composición e formateo do exame tipo test.
- Persoal técnico de apoio composto por un operativo non inferior a 9 membros (excluídos os membros do órgano de selección e técnica en prevención de riscos laborais) para asistir e colaborar na preparación dos recintos nos que teña lugar as probas e no seu desenvolvemento e que deberán recibir unha formación previa acaída considerando as circunstancias das persoas aspirantes. Solicítase a presenza aos exercicios que polas súas condicións o precisen, da técnica de Prevención de Riscos Laborais do SPRL do Concello de Vigo.
- Persoal de mantemento que deberá estar presente nas instalacións durante o desenvolvemento das probas para o caso de que se producira algunha incidencia de tipo técnico.
- Persoal de administración electrónica con experiencia na confección da proba sobre coñecementos de informática, como asesor/a especialista para a realización do exercicio tipo test, en garantía do anonimato da proba e da automatización da súa corrección.

Ademais, de acordo co previsto nas Bases da convocatoria, contarase co personal de Normalización Lingüística, como asesor especialista, para a asistencia no exercicio de lingua galega, no caso de ser necesario.

O que se lles traslada aos efectos procedentes.

Vigo, na data da sinatura electrónica
A secretaria do órgano de selección
Lorena López Rodríguez



DILIGENCIA: Para hacer constar que el presente edicto estuvo expuesto en el Tablón oficial de anuncios de este Ayuntamiento, durante el plazo reglamentario.

Vigo, 02-10-2023
El Secretario General
P.A.

El Jefe del Registro General.

Jose Manuel González Ucha



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/09/2023 12:34	Páxina 1 de 1
230301279	CSV: AFA139-B35E89-D8ECEH-64ARX2-986MMC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		